

## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 07/02/2019 12:22:50

SAIDA

1932/19

Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 0132/2018

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 12 de novembro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

### ANTECEDENTES

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 12 de novembro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra o incumprimento por parte da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da súa obriga de remitir a solicitude ó órgano competente para resolver sobre o acceso ós expedientes de aumentos de ratio que son aprobados pola Xefatura Territorial de Educación de Lugo da súa solicitude de acceso ós expedientes sobre escolarización nos que a Xefatura Territorial de Educación en Lugo aproba o aumento de ratio para nenos.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude dirixida á Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, copia do seu DNI e copia do DNI de [REDACTED] e copia da resolución da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O obxecto da solicitude inicial era a presentación da instancia en procedemento extraordinario de admisión por traslado forzoso de domicilio, para a escolarización das súas fillas, e o acceso aos expedientes sobre aumento de ratio en educación infantil e primaria concedidas pola Xefatura Territorial de Lugo durante os últimos 4 anos.

**Segundo.** Con data 14 de novembro de 2018, déuselle traslado da documentación presentada polo reclamante á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 19 de novembro de 2018.

**Terceiro.** Con data do 2 de xaneiro de 2019, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo copia do expediente co seu correspondente informe no que, en síntese, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional manifesta o seguinte:

O solicitante, mediante escrito que tivo entrada o 18 de setembro de 2018 no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia do edificio administrativo de Lugo, dirixido á Xefatura Territorial de Lugo da entón Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, formulaba unha petición múltiple na que principalmente solicitaba información sobre a escolarización das súas fillas, e secundariamente o acceso á información pública, en concreto o acceso ós expedientes sobre aumento de ratio en educación infantil e primaria concedidas pola Xefatura Territorial de Lugo durante os últimos 4 anos.

Con data do 1 de outubro de 2018 a Xefatura Territorial emitiu resolución de escolarización das fillas dos solicitantes, e no que respecta á solicitude de acceso á información pública deducida, informou que non era o órgano competente para resolver a dita solicitude e que o interesado debía dirixir a súa solicitude á Secretaría Xeral Técnica da Consellería.

Con data do 27 de novembro de 2018, tivo entrada unha nova solicitude de acceso á información pública dirixida á Xefatura Territorial de Lugo, órgano que a remitiu, xunto coa anterior solicitude, á Secretaría Xeral Técnica, na que se recibiu o 13 de decembro de 2018. Nesta nova solicitude, o interesado solicita o número de alumnos por aula ou ratio das unidades de ciclos de educación infantil e primaria de seis colexios de Lugo.

Esta solicitude, dirixida a un órgano que non era o competente para resolver, presentouse con posterioridade a que a Secretaría Xeral Técnica recibira a solicitude de informe da Comisión de Transparencia de Galicia (19 de novembro de 2018), e foi recibida no órgano competente para resolver o 13 de decembro de 2018.

A Secretaría Xeral Técnica entendeu que a información solicitada con data do 18 de setembro de 2018 era excesiva polo seu ámbito (toda a provincia de Lugo) e, considerando que debía ser obxecto dunha aclaración e que o solicitante presentara unha nova petición de información o 27 de novembro de 2018 co mesmo obxecto, pero concretando exactamente a que información solicitaba acceder, entendeu que a segunda solicitude de información era unha aclaración da solicitude de data do 18 de setembro de 2018. Deste xeito, con data do 27

de decembro de 2018 a Secretaría Xeral Técnica resolveu conceder a información solicitada no escrito do interesado de data do 27 de novembro de 2018.

**Cuarto.** Con data do 11 de xaneiro de 2019, o interesado presenta un escrito no que en síntese manifesta que con data do 28 de decembro de 2018, recibiu resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación na que se denega o acceso á información pública referida ao acceso ós expedientes sobre aumento de ratio en educación infantil e primaria concedidas pola Xefatura Territorial de Lugo durante os últimos 4 anos.

Considera que a solicitude de 18 de setembro e a de 18 de novembro son dúas solicitudes distintas, non unha subsanación da outra xa que o seu obxecto é distinto.

O que o interesado trata de averiguar é o fundamento para que ata agora se aprobase aumento de ratio para trasladados, e agora xa non se concedan, xa que dita medida considera que constitúe unha discriminación duns cidadáns con respecto a outros, dado que a el lle denegan un centro cercano o domicilio familiar e non aumentan a ratio dun centro cando na práctica ata agora víñanse producindo aumentos de ratio por sistema. Por outro lado o reclamante considera que si a resolución di que o volume é excesivo, quere dicir que a práctica foi autorizalos ata agora de forma masiva e discrecional.

O obxecto do presente expediente ante a Comisión de transparencia foi contra a resolución da Xefatura territorial de Educación en Lugo, que resolve a súa petición de *información pública* e meses mais tarde e unha vez posto a reclamación ante a Comisión, dita esta resolución denegando o acceso.

Considera que non se pode ditar unha resolución cando o procedemento xa está rematado e debería, se considera que a primeira resolución é nula, iniciar de oficio un expediente de nulidade do acto administrativo, dado que están resolvendo dous veces sobre a mesma cuestión.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades



autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Análise do expediente**

O interesado presentou dúas solicitudes de acceso á información ante a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Educación; unha primeira o 18 de setembro de 2018, na que solicitaba o acceso aos expedientes sobre *aumento de ratio* en educación infantil e primaria concedidos pola Xefatura Territorial nos últimos catro anos, e unha segunda o 27 de novembro de 2018, na que solicita o *número de alumnos por aula ou ratio* das unidades de educación infantil e primaria de seis colexios de Lugo.

Na tramitación do expediente de acceso á información, producíronse dous defectos formais da primeira solicitude que é necesario analizar, a fin de determinar si se respectou o dereito do solicitante a acceder á información, e si estes defectos de tramitación supuxeron unha indefensión do interesado. Os defectos de procedemento que se produciron son os seguintes: a non remisión da solicitude pola Xefatura Territorial á Secretaría Xeral Técnica, por ser este último o órgano competente para resolver, e a consideración pola Secretaría Xeral Técnica da solicitude formulada polo interesado con data do 27 de novembro de 2018 como unha concreción da solicitude formulada con data do 18 de setembro de 2018 (aumento de ratio en escolas infantís e de primaria da provincia de Lugo dende o ano 2014).

Respecto da non remisión do expediente pola Xefatura Territorial ao órgano competente para resolver, o artigo 19.1 da Lei 19/2013, establece claramente esta obriga por parte do órgano que recibe a solicitude, debendo informarse desta circunstancia ao solicitante. No presente caso, a Xefatura Territorial limitouse a comunicar ao interesado cal era o órgano competente para resolver no momento no que emitiu a resolución sobre a escolarización (1 de outubro de 2018), pero non remitiu a solicitude de acceso á información á Secretaría Xeral Técnica nese momento, senón que o fixo mais de dous meses mais tarde, o 13 de decembro de 2018, segundo informe deste órgano.

O referido artigo 19 non establece en que prazo debe remitirse a solicitude polo órgano que non ten competencias para resolver ao órgano é competente, pero en todo caso, debe entenderse que a remisión ten que producirse no prazo máximo de dez días que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Existe por tanto unha incorrecta actuación da Xefatura Territorial, sen embargo, non pode afirmarse que esta incorrecta actuación colocara ao agora reclamante nunha situación de indefensión. Advírtese que, malia a indicación realizada ao interesado pola Xefatura Territorial na súa resolución de data do 1 de outubro de 2018, nela non se chegou a resolver a súa solicitude de información pública, producíndose, xa que logo, ante a falta de resolución

daquela solicitude no prazo dun mes, unha desestimación presunta da mesma, fronte á cal, precisamente, o interesado presentou a pertinente reclamación ante esta Comisión de Transparencia (é importante salientar neste punto que, contra o referido polo interesado no escrito dirixido a esta Comisión con data do 11 de xaneiro de 2019, non existe unha desestimación expresa da solicitude de data do 18 de setembro de 2018, e isto porque a resolución da Secretaría Xeral Técnica de data do 27 de decembro de 2018 unicamente resolveu a segunda das solicitudes do interesado).

Polo tanto, malia a irregular actuación da Xefatura Territorial, non pode entenderse que a súa actuación xerara unha situación de indefensión ao interesado que, ante a desestimación presunta da súa solicitude, puido facer valer os seus dereitos mediante reclamación ante esta Comisión coa presentación da correspondente reclamación.

Respecto á interpretación por parte da Secretaría Xeral Técnica de que a segunda solicitude (número de alumnos por aula de seis colexios concretos) era unha concreción da primeira solicitude (expedientes de aumento de ratio en educación infantil e primaria concedidas pola Xefatura Territorial de Lugo durante os últimos 4 anos), considérase que non é correcta a dita interpretación: a Secretaría Xeral Técnica, se consideraba que a solicitude resultaba excesiva tanto polo seu ámbito (toda a provincia de Lugo) e finalidade, como pola complexidade material de atendela neses termos, debería ben ter solicitado do interesado a súa emenda, ou ben inadmitila de acordo co establecido no artigo 18.1.e) da Lei 19/2013.

Dito o que precede, o certo é que esta Comisión considera que a solicitude de información formulada polo interesado con data 18 de setembro de 2018 debe considerarse excesiva, por canto na provincia de Lugo existen aproximadamente cento vinte centros escolares de educación infantil e primaria (públicos e concertados), dos que habería que recopilar todos os expedientes de aumento de ratio por aula tramitados nos distintos niveis educativos durante catro cursos escolares, o que sen dúbida debe considerarse excesivo e de gran complexidade material. De acordo co anterior, considérase que concorren motivos suficientes para a desestimación da reclamación presentada polo interesado contra a desestimación presunta da súa solicitude de data 18 de setembro de 2018.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia



## **ACORDA**

**Único:** Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a desestimación presunta da súa solicitude de acceso aos expedientes sobre aumento de ratio en educación infantil e primaria concedidos pola Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nos últimos catro anos.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019.

A presidenta da Comisión da Transparencia

  
  
Milagros Otero Parga